

PRESENTACIÓN

A ESCOLA RURAL

Francisco Rodríguez Lestegás

Grupo de Investigación ELINCIS

Universidade de Santiago de Compostela

f.lestegas@usc.es

Sabemos que a organización do poboamento sufriu cambios importantes nas nosas sociedades ao longo das últimas décadas. Os procesos de industrialización e terciarización traducíronse en novas formas de asentamento da poboación, coa conseguinte urbanización da maior parte do territorio. Porén, os espazos rurais seguen a existir, aínda que se visen sometidos a considerables transformacións de natureza espacial, funcional, demográfica e socioeconómica. E se existen os espazos rurais tamén existe a escola rural, á que a revista *Innovación Educativa* dedica unha das seccións monográficas deste número.

En ocasións tense denunciado a falta de interese dos investigadores en educación polos temas relacionados con este subsistema escolar, como se se lles negase relevancia científica ou significación pedagóxica. En efecto, a escola rural pasou case inadvertida para os investigadores e, cando mereceu algunha atención desde o ámbito científico, foi máis ben para insistir nos seus problemas, concretados en necesidades, carencias e deficiencias, aos que cómpre atopar solucións.

A revista *Innovación Educativa* pretende agora superar este suposto divorcio entre investigación educativa e escola rural, e aspira a facelo afastándose dun enfoque vitimizador da escola rural para centrarse nas súas vantaxes e potencialidades, considerándoa unha oportunidade que lle ofrece múltiples posibilidades a calquera docente inquieto e entusiasta polo seu traballo, un laboratorio de experiencias educativas innovadoras, ao dicir de Tonucci, que, en lugar de atemorizar aos mestres noveles, sexa percibido como extrapolable a outros contextos escolares.

A sección monográfica ábrese co artigo “La escuela rural en la dimensión territorial”, da autoría de Roser Boix Tomàs. Ao inicio de cada curso, os medios de comunicación alertan sobre o peche de unidades e escolas no ámbito rural, pero parece que a sociedade non é consciente do valor pedagóxico que poden ofrecer as aulas multigráo, nin da acción dinámica que exercen sobre o territorio. En efecto, a escola rural compórtase como membro activo dun sistema institucional territorial, receptora de identidades e emocións, capital social local e elemento configurador da construción social rural, polo que a súa desaparición implica a erradicación dunha parte importante da vida social do territorio e dun factor clave na configuración da identidade.

A escola rural ten a responsabilidade educativa de integrar esa dimensión territorial no seu proxecto de centro, pero non sempre é consciente do seu papel como actor dinámico nesa dimensión. A aula multigráo é un claro exemplo de diversidade dentro da diversidade, un espazo que favorece o traballo heteroxéneo, a innovación, a aplicación de novas fórmulas didácticas e a apertura da escola ao seu contorno. Porén, é evidente que non sempre se desenvolven nela proxectos didácticos acaídos ás súas circunstancias e posibilidades. Pola contra, entre as súas paredes seguen a aplicarse prácticas pedagóxicas tradicionais e a replicarse as mesmas estruturas organizativas propias da escola ordinaria. Máis aínda: as familias e mesmo a administración educativa adoitan agardaren que a aula multigráo reproduza o máis posible o ambiente dunha escola ordinaria, por ser este o modelo considerado válido e fiable.

Todo isto provoca un certo distanciamento entre a aula multigráo, a comunidade rural e a dimensión territorial. Quizais deberían promoverse accións para converter esta cuestión en obxecto de estudo e debate no eido educativo, e para facer dela un reto social relevante nos ámbitos político, científico e cultural, o que permitiría construír unha nova visión do papel da escola rural no século XXI.

A contribución de Pilar Abós Olivares propón un dobre interrogante: “El modelo de escuela rural multigrado ¿es un modelo del que podamos aprender? ¿Es transferible a otro tipo de escuela?”. Darlle resposta foi o propósito dun proxecto de investigación interuniversitario e internacional realizado ao longo de tres anos (2010-2012) en tres países europeos (España, Portugal, Francia) e dous suramericanos (Chile, Uruguai), co obxectivo de estudar os aspectos metodolóxicos propios dos grupos multigráo.

Partindo da hipótese de que a utilización de metodoloxías activo-participativas conduce a unha aprendizaxe competencial e significativa no ámbito da escola rural, analízase a posibilidade de transferir este modelo a outros contextos escolares. Esta reflexión sobre os compoñentes didácticos e organizativos susceptibles de seren transferidos a outra tipoloxía de escola permitirá, non só ampliar o coñecemento da propia escola multigráo, heteroxénea e diversa, senón tamén alentar a necesidade de prestar atención á diversidade como factor esencial para alcanzar unha educación na que se conxuguen os principios de calidade e equidade.

Non se trata de converter a aula multigráo nun referente pedagóxico, senón máis ben de valorar a conveniencia de estender este modelo didáctico a todas as aulas e escolas, porque a diversidade de habilidades, coñecementos, intereses e expectativas está igualmente presente en todas elas.

A multigraduación é unha característica habitual dos procesos de ensino e aprendizaxe nas escolas rurais, como adaptación aos trazos demográficos dos espazos nos que están localizadas. Este é o tema que desenvolve Antonio Bustos Jiménez no seu artigo “La didáctica multigrado y las aulas rurales: perspectivas y datos para su análisis”. Bustos presenta os resultados dunha das fases empíricas do estudo descrito no artigo anterior, cuxa principal finalidade, como xa quedou dito, foi documentar inicialmente as prácticas pedagóxicas dunha mostra limitada de docentes que traballan en aulas multigráo, con vistas a seleccionar despois aquelas escolas nas que se puidese alicerzar o

traballo de campo da investigación por desenvolveren didácticas baseadas en metodoloxías activas-participativas.

Entre os resultados obtidos, cabe sinalar: a escasa experiencia acumulada polos docentes neste tipo de aulas escolares; a pouca participación en actividades de formación continua relacionadas coa didáctica multigráo; a busca de relacións entre as distintas disciplinas escolares no traballo diario co alumnado, aínda que este tratamento interdisciplinar dos contidos escolares estea directamente relacionado co formato dos materiais impresos utilizados; o emprego do contorno inmediato na planificación das tarefas escolares. En definitiva, as conclusións da investigación permiten salienta un amplo repertorio metodolóxico característico da didáctica multigráo aplicada en escenarios rurais, cunha importante presenza dos procedementos activos-participativos, se ben o carácter inicial do estudo non permite valorar se estas metodoloxías poderían ser extrapolables a outros contextos escolares.

Na contribución titulada “Escolas en contornas rurais en Galicia: horizonte difícil/horizonte posible”, Antón Costa Rico reflexiona sobre o proceso de creación de escolas que a Administración pública desenvolveu desde un enfoque centralizador e “españolizador” nos ámbitos político, cultural e lingüístico. Esta é precisamente a razón de que non sexa posible atopar en Galicia un patrimonio escolar de seu, agás as escolas construídas a cargo de emigrantes galegos que fixeron fortuna en América e das Sociedades de Instrución. Os trazos da sociedade agro-mariñeira galega, atrapada dentro dun modelo político liberal-conservador que se foi consolidando ao longo do século XIX, non eran os máis acaídos para darlles pulo ás demandas sociais de escolarización, ata que, xa mediado o pasado século, se acometeu a creación de numerosas escolas unitarias.

Non obstante, a visión negativa que se foi estendendo sobre este tipo de centros escolares fixo que, cando o Ministerio de Educación acordou pechalos e centralalos nos chamados “Grupos escolares”, que lle ofrecían ao alumnado mellores instalacións e máis servizos (transporte escolar, comedor), esta decisión fose aceptada de bo grao tanto polas familias como polo profesorado. Agora ben, esta actitude compracente xa non se observa na actualidade, cando o inicio de cada curso escolar vén marcado polo peche conflictivo dalgunhas das escolas unitarias que aínda perduran, baixo pretexto da necesidade de aplicar criterios de eficiencia administrativa e económica nuns espazos rurais sometidos a unha implacable crise demográfica.

Así se foi configurando un escenario rural caracterizado por unha reducida presenza das escolas de pequena dimensión, fronte á expansión das “concentracións escolares”, dentro dun panorama xeral de derrubo e desertización que, aínda que estea acompañado de numerosas iniciativas de renovación, afecta inevitablemente ao desenvolvemento cultural e educativo. Cómpre, xa que logo, superar a torpe orientación inspirada polo funcionalismo tecnocrático e pensar en procesos sustentables e participativos, que posibiliten un desenvolvemento local endógeno e que tomen en consideración os territorios, as comunidades, os patrimonios, os recursos e as potencialidades económicas. E será este modo de comprensión do mundo rural en Galicia o que debe obrigarnos tamén a repensar o escenario da escola rural no comezo do século XXI.

José Antonio Caride, autor do artigo “A escola (rural) como pasado e futuro”, ante as profundas transformacións das sociedades rurais ao longo das últimas décadas e a frecuente consideración do rural como un espazo residual situado ante o espello dun mundo urbano en continuo desenvolvemento que lle debe servir de referente cara ao futuro, sitúa o rural como escenario dunha educación esquecida. Neste sentido, aínda desexando un futuro esperanzador para a educación e a escola en contextos rurais, as súas visibles diferenzas con respecto á educación e á escola en contextos urbanos non nos permiten escamotear unha realidade que perpetúa e mesmo acrecenta as desigualdades entre ambos os dous medios.

Cómpre, xa que logo, promover unha educación comprometida co desenvolvemento rural, na que sexa o conxunto da sociedade quen se implique no aproveitamento máis racional e planificado dos recursos cos que conta o medio rural, conxugando tradición e innovación desde unha mentalidade pedagóxica-social e unha actitude sociocultural crítica. Para iso, é preciso activar tanto os procesos educativos e formativos que son competencia dos centros escolares (educación escolar), como as intervencións en clave pedagóxica e social dos axentes que actúan nas comunidades locais (educación social).

En definitiva, debemos observar as escolas do rural en toda a súa complexidade e diversidade, derivadas de modelos institucionais e organizativos plurais que tratan de responder á propia diversidade do mundo rural. En todo caso, dado que toda escola é ou debera ser unha opción estimable para un futuro mellor da sociedade, esta deberá repensar a súa cotidianidade ante a necesidade de reducir a fenda dixital entre os mundos rural e urbano, acrecentada polo imparable impulso das tecnoloxías da información e da comunicación, coas súas oportunidades para a innovación educativa e social, así como para a conectividade imprescindible nunha sociedade globalizada.

Por último, Alicia López Pardo e Francisco Xosé Candia Durán pechan esta sección monográfica cun traballo no que abordan “A loita pola educación no rural galego: unha teima que non acouga. Apuntamentos para unha historia do período 1975-2014”. Esta contribución presenta unha visión retrospectiva e crítica dun asunto tan complexo e clave para o país galego como é o da educación e desenvolvemento rurais, entendidos como conceptos indesligables. Desde esta perspectiva, o artigo refírese aos colectivos docentes e movementos sociais comprometidos cunha educación pública e de calidade adaptada ao contexto rural, conxugando reflexión pedagóxica e activismo social verbo da defensa do dereito a unha educación digna para o medio rural galego.

Entre eles, cómpre salientar a Mesa Galega de Educación no Rural, organización tan relevante como escasamente coñecida malia os seus case vinte anos de existencia. Nacida como plataforma representativa das reivindicacións dos colectivos profesionais neste ámbito, as súas actuacións abranguen: a) denuncia da preocupante situación da educación no medio rural e as negativas consecuencias das políticas educativas ao respecto; b) estudo de alternativas que permitan políticas educativas que dean resposta axeitada á nosa realidade, e c) organización de xornadas de análise, reflexión e formación específica do profesorado implicado na revalorización e dinamización do ámbito rural. Froito da súa actividade, e baixo o elocuente título “Documento base da Mesa Galega de Educación no Rural fronte ás políticas involucionistas da administración educativa galega en materia de educa-

ción no medio rural”, en novembro de 2013 presentáronse dezanove propostas de política educativa que a Administración galega debería implantar como plan de educación específico para o rural.

Precisamente cando os recortes en educación golpean con forza o xa castigado mundo rural e cando a igualdade de oportunidades vese máis ameazada que nunca, a revista *Innovación Educativa* publica esta sección monográfica dedicada á escola rural e quere agradecer o esforzo e o rigor dos autores que posibilitaron que esta edición vise a luz. As súas contribucións serven para reiterar a plena validez dun modelo de escola que non só pon en práctica unha educación digna e de calidade —mesmo transferible a outros contextos—, senón que integra a dimensión territorial no seu proxecto educativo e actúa como axente de desenvolvemento local.

PRESENTACIÓN

LA ESCUELA RURAL

Francisco Rodríguez Lestegás

Grupo de Investigación ELINCIS

Universidad de Santiago de Compostela

f.lestegas@usc.es

Sabemos que la organización del poblamiento ha sufrido cambios importantes en nuestras sociedades a lo largo de las últimas décadas. Los procesos de industrialización y terciarización se han traducido en nuevas formas de asentamiento de la población, con la consiguiente urbanización de la mayor parte del territorio. Sin embargo, los espacios rurales siguen existiendo, aunque se hayan visto sometidos a considerables transformaciones de naturaleza espacial, funcional, demográfica y socioeconómica. Y si existen los espacios rurales también existe la escuela rural, a la que la revista *Innovación Educativa* dedica una de las secciones monográficas de este número.

En ocasiones se ha denunciado la falta de interés de los investigadores en educación por los temas relacionados con este subsistema escolar, como si se les negase relevancia científica o significación pedagógica. En efecto, la escuela rural ha pasado casi inadvertida para los investigadores y, cuando ha merecido alguna atención desde el ámbito científico, ha sido más bien para insistir en sus problemas, concretados en necesidades, carencias y deficiencias, a los que es necesario encontrar soluciones.

La revista *Innovación Educativa* pretende ahora superar este supuesto divorcio entre investigación educativa y escuela rural, y aspira a hacerlo alejándose de un enfoque victimizador de la escuela rural para centrarse en sus ventajas y potencialidades, considerándola una oportunidad que le ofrece múltiples posibilidades a cualquier docente inquieto y entusiasta por su trabajo, un laboratorio de experiencias educativas innovadoras, al decir de Tonucci, que, en lugar de atemorizar a los maestros noveles, sea percibido como extrapolable a otros contextos escolares.

La sección monográfica se abre con el artículo “La escuela rural en la dimensión territorial”, de la autoría de Roser Boix Tomàs. Al inicio de cada curso, los medios de comunicación alertan sobre el cierre de unidades y escuelas en el ámbito rural, pero parece que la sociedad no es consciente del valor pedagógico que pueden ofrecer las aulas multigrado, ni de la acción dinámica que ejercen sobre el territorio. En efecto, la escuela rural se comporta como miembro activo de un sistema institucional territorial, receptora de identidades y emociones, capital social local y elemento configurador de la construcción social rural, por lo que su desaparición implica la erradicación de una parte importante de la vida social del territorio y de un factor clave en la configuración de la identidad.

La escuela rural tiene la responsabilidad educativa de integrar esa dimensión territorial en su proyecto de centro, pero no siempre es consciente de su papel como actor dinámico en esa dimensión. El aula multigrado es un claro ejemplo de diversidad dentro de la diversidad, un espacio que favorece el trabajo heterogéneo, la innovación, la aplicación de nuevas fórmulas didácticas y la apertura de la escuela a su entorno. No obstante, es evidente que no siempre se desarrollan en ella proyectos didácticos adaptados a sus circunstancias y posibilidades. Por el contrario, entre sus paredes siguen aplicándose prácticas pedagógicas tradicionales y replicándose las mismas estructuras organizativas propias de la escuela ordinaria. Aún más: las familias e incluso la administración educativa suelen esperar que el aula multigrado reproduzca lo más posible el ambiente de una escuela ordinaria, por ser este el modelo considerado válido y fiable.

Todo ello provoca un cierto distanciamiento entre el aula multigrado, la comunidad rural y la dimensión territorial. Quizás deberían promoverse acciones para convertir esta cuestión en objeto de estudio y debate en el campo educativo, y para hacer de ella un reto social relevante en los ámbitos político, científico y cultural, lo que permitiría construir una nueva visión del papel de la escuela rural en el siglo XXI.

La contribución de Pilar Abós Olivares propone un doble interrogante: “El modelo de escuela rural multigrado ¿es un modelo del que podemos aprender? ¿Es transferible a otro tipo de escuela?”. Darle respuesta fue el propósito de un proyecto de investigación interuniversitario e internacional realizado a lo largo de tres años (2010-2012) en tres países europeos (España, Portugal, Francia) y dos sudamericanos (Chile, Uruguay), con el objetivo de estudiar los aspectos metodológicos propios de los grupos multigrado.

Partiendo de la hipótesis de que la utilización de metodologías activo-participativas conduce a un aprendizaje competencial y significativo en el ámbito de la escuela rural, se analiza la posibilidad de transferir este modelo a otros contextos escolares. Esta reflexión sobre los componentes didácticos y organizativos susceptibles de ser transferidos a otra tipología de escuela permitirá, no solo ampliar el conocimiento de la propia escuela multigrado, heterogénea y diversa, sino también alentar la necesidad de prestar atención a la diversidad como factor esencial para alcanzar una educación en la que se conjuguen los principios de calidad y equidad.

No se trata de convertir el aula multigrado en un referente pedagógico, sino más bien de valorar la conveniencia de extender este modelo didáctico a todas las aulas y escuelas, porque la diversidad de habilidades, conocimientos, intereses y expectativas está igualmente presente en todas ellas.

La multigraduación es una característica habitual de los procesos de enseñanza y aprendizaje en las escuelas rurales, como adaptación a los rasgos demográficos de los espacios en los que están localizadas. Este es el tema que desarrolla Antonio Bustos Jiménez en su artículo “La didáctica multigrado y las aulas rurales: perspectivas y datos para su análisis”. Bustos presenta los resultados de una de las fases empíricas del estudio descrito en el artículo anterior, cuya principal finalidad, como ya se ha dicho, fue documentar inicialmente las prácticas pedagógicas de una muestra limitada de docentes que trabajan en aulas multigrado, con vistas a seleccionar después aquellas escuelas en las

que se pudiese asentar el trabajo de campo de la investigación por desarrollar didácticas basadas en metodologías activas-participativas.

Entre los resultados obtenidos, cabe señalar: la escasa experiencia acumulada por los docentes en este tipo de aulas escolares; la poca participación en actividades de formación continua relacionadas con la didáctica multigrado; la búsqueda de relaciones entre las distintas disciplinas escolares en el trabajo diario con el alumnado, aunque este tratamiento interdisciplinar de los contenidos escolares esté directamente relacionado con el formato de los materiales impresos utilizados; el empleo del entorno inmediato en la planificación de las tareas escolares. En definitiva, las conclusiones de la investigación permiten destacar un amplio repertorio metodológico característico de la didáctica multigrado aplicada en escenarios rurales, con una importante presencia de los procedimientos activos-participativos, si bien el carácter inicial del estudio no permite valorar si estas metodologías podrían ser extrapolables a otros contextos escolares.

En la contribución titulada “Escuelas en contornas rurais en Galicia: horizonte difícil/horizonte posible”, Antón Costa Rico reflexiona sobre el proceso de creación de escuelas que la Administración pública ha desarrollado desde un enfoque centralizador y “españolizador” en los ámbitos político, cultural y lingüístico. Esta es precisamente la razón de que no sea posible encontrar en Galicia un patrimonio escolar propio, excepto las escuelas construidas a cargo de emigrantes gallegos que hicieron fortuna en América y de las Sociedades de Instrucción. Los rasgos de la sociedad agro-marinera gallega, atrapada dentro de un modelo político liberal-conservador que se fue consolidando a lo largo del siglo XIX, no eran los más apropiados para dar empuje a las demandas sociales de escolarización, hasta que, ya mediado el pasado siglo, se acometió la creación de numerosas escuelas unitarias.

No obstante, la visión negativa que se fue extendiendo sobre este tipo de centros escolares hizo que, cuando el Ministerio de Educación acordó clausurarlos y concentrarlos en los llamados “Grupos escolares”, que ofrecían al alumnado mejores instalaciones y más servicios (transporte escolar, comedor), esta decisión fuese aceptada de buen grado tanto por las familias como por el profesorado. Ahora bien, esta actitud complaciente ya no se observa en la actualidad, cuando el inicio de cada curso escolar viene marcado por el cierre conflictivo de algunas de las escuelas unitarias que todavía perduran, bajo el pretexto de la necesidad de aplicar criterios de eficiencia administrativa y económica en unos espacios rurales sometidos a una implacable crisis demográfica.

Así se ha ido configurando un escenario rural caracterizado por una reducida presencia de las escuelas de pequeña dimensión, frente a la expansión de las “concentraciones escolares”, dentro de un panorama general de derribo y desertización que, aunque esté acompañado de numerosas iniciativas de renovación, afecta inevitablemente al desarrollo cultural y educativo. Es preciso, por tanto, superar la torpe orientación inspirada por el funcionalismo tecnocrático y pensar en procesos sostenibles y participativos, que posibiliten un desarrollo local endógeno y que tomen en consideración los territorios, las comunidades, los patrimonios, los recursos y las potencialidades económicas. Y será este modo de comprensión del mundo rural en Galicia lo que debe obligarnos también a repensar el escenario de la escuela rural en los comienzos del siglo XXI.

José Antonio Caride, autor del artículo “A escola (rural) como pasado e futuro”, ante las profundas transformaciones de las sociedades rurales a lo largo de las últimas décadas y la frecuente consideración del rural como un espacio residual situado ante el espejo de un mundo urbano en continuo desarrollo que le debe servir de referente de cara al futuro, sitúa el rural como escenario de una educación olvidada. En este sentido, aun deseando un futuro esperanzador para la educación y la escuela en contextos rurales, sus visibles diferencias con respecto a la educación y a la escuela en contextos urbanos no nos permiten escamotear una realidad que perpetúa e incluso acrecienta las desigualdades entre ambos medios.

Por lo tanto, es preciso promover una educación comprometida con el desarrollo rural, en la que sea el conjunto de la sociedad quien se implique en el aprovechamiento más racional y planificado de los recursos con los que cuenta el medio rural, conjugando tradición e innovación desde una mentalidad pedagógica-social y una actitud sociocultural crítica. Para ello, es necesario activar tanto los procesos educativos y formativos que son competencia de los centros escolares (educación escolar), como las intervenciones en clave pedagógica y social de los agentes que actúan en las comunidades locales (educación social).

En definitiva, debemos observar las escuelas del rural en toda su complejidad y diversidad, derivadas de modelos institucionales y organizativos plurales que tratan de responder a la propia diversidad del mundo rural. En todo caso, dado que toda escuela es o debiera ser una opción estimable para un futuro mejor de la sociedad, esta deberá repensar su cotidianeidad ante la necesidad de reducir la brecha digital entre los mundos rural y urbano, acrecentada por el imparable impulso de las tecnologías de la información y de la comunicación, con sus oportunidades para la innovación educativa y social, así como para la conectividad imprescindible en una sociedad globalizada.

Por último, Alicia López Pardo y Francisco Xosé Candia Durán cierran esta sección monográfica con un trabajo en el que abordan “A loita pola educación no rural galego: unha teima que non acouga. Apuntamentos para unha historia do período 1975-2014”. Esta contribución presenta una visión retrospectiva y crítica de un asunto tan complejo y clave para el país gallego como es el de la educación y desarrollo rurales, entendidos como conceptos indesligables. Desde esta perspectiva, el artículo se refiere a los colectivos docentes y movimientos sociales comprometidos con una educación pública y de calidad adaptada al contexto rural, conjugando reflexión pedagógica y activismo social en relación con la defensa del derecho a una educación digna para el medio rural gallego.

Entre ellos, hay que destacar la *Mesa Galega de Educación no Rural*, organización tan relevante como escasamente conocida pese a sus casi veinte años de existencia. Nacida como plataforma representativa de las reivindicaciones de los colectivos profesionales en este ámbito, sus actuaciones abarcan: a) denuncia de la preocupante situación de la educación en el medio rural y las negativas consecuencias de las políticas educativas al respecto; b) estudio de alternativas que permitan políticas educativas que den respuesta adecuada a nuestra realidad, y c) organización de jornadas de análisis, reflexión y formación específica del profesorado implicado en la revalorización y dinamización del ámbito rural. Fruto de su actividad, y bajo el elocuente título “Documento base da Mesa Galega de Educación no Rural fronte ás políticas involucionistas da administración

educativa galega en materia de educación no medio rural”, en noviembre de 2013 se presentaron diecinueve propuestas de política educativa que la Administración gallega debería implantar como plan de educación específico para el rural.

Precisamente cuando los recortes en educación golpean con fuerza el ya castigado mundo rural y cuando la igualdad de oportunidades se ve más amenazada que nunca, la revista *Innovación Educativa* publica esta sección monográfica dedicada a la escuela rural y quiere agradecer el esfuerzo y el rigor de los autores que han posibilitado que esta edición viese la luz. Sus contribuciones sirven para reiterar la plena validez de un modelo de escuela que no solo pone en práctica una educación digna y de calidad —incluso transferible a otros contextos—, sino que integra la dimensión territorial en su proyecto educativo y actúa como agente de desarrollo local.